



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DA LAMA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS COLABORANDO NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA PARA AS EMERXENCIAS

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. Jorge Canda Martínez, Alcalde do Concello da Lama, como xestor do Servizo Mancomunado de Emerxencias e Protección Civil, segundo o disposto na cláusula cuarta do Acordo de 18 de febreiro de 2016 dos concellos da Lama, Mondariz-Balneario, Mondariz, Fornelo de Montes e Covelo e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61.1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Que o Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.





Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, á Xunta de Galicia correspóndenlle as competencias en materia de cooperación e colaboración, podendo estas, materializarse mediante a subscripción de convenios.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios, polo que precisa contar cos medios axeitados para facer fronte a estas competencia, en materia de protección civil e emerxencias.

Co fin de optimizar recursos económicos das administracións locais e permitir unha xestión compartida na prestación dun servizo público, o 18 de febreiro de 2016 asinouse un convenio de colaboración entre os concellos da Lama, Mondariz-Balneario, Mondariz, Fornelo de Montes e Covelo polo que se acordaba a xestión mancomunada do Servizo de Emerxencia e Protección Civil, designándose ó Concello da Lama como xestor do servizo.

Que entre os medios e recursos mobilizables en materia de protección civil e emerxencias por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos, con medios alleos para atender á seguridade dos cidadáns e dos seus bens, colaborando nas actividades de prevención e socorro, na práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos ou, cando menos, minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.





O Concello da Lama, como xestor do Servizo Mancomunado de Emerxencias, pretende reforzar a AVPC de Oitavén-Tea co fin de atender ó territorio e poboación dos concellos asinantes do convenio, precisando de medios básicos entre os que se atopa a necesidade dunha furgoneta para a atención das emerxencias.

Dado que as funcións de protección civil son exercidas de forma exclusiva por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Por todo isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello da Lama, como xestor do Servizo Mancomunado de Emerxencias, en materia de protección civil e emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición dunha furgoneta para a atención ás emerxencias e operativos de protección civil, a utilizar nas emerxencias nos concellos atendidos polo Servizo Mancomunado de Emerxencias .

A rotulación deste equipamento deberá cumprir co establecido no decreto 123/2014, do 18 de setembro polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias e a Orde do 24 de febreiro do 2015 que o desenvolve.

Segunda.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará na realización da actuación ao que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á





aplicación orzamentaria 05.25.212A.760.0 e código de proxecto 2013-00763 dos orzamentos do ano 2020.

Terceira.- Obrigas do concello

O Concello da Lama realizará a adquisición dunha furgoneta para a atención ás emerxencias e operativos de protección civil á que se refire a cláusula primeira.

Será por conta do concello todos os gastos de matriculación seguros, etc; así como o manexo, mantemento e eventuais reparacións da furgoneta e do seu equipamento, da obriga de tomar ao seu cargo unha póliza de seguro que cubra todos os riscos que poidan derivarse da circulación e utilización do mesmo, das súas actuacións e operarios.

Así mesmo o concello aportará a dotación de persoal necesario que será en todo momento o apropiado, tanto en número, como en formación e aptitude, para o manexo do citado remolque e do equipamento de emerxencia que leva, para as intervencións no que fora requirido.

O Servizo Mancomunado de Emerxencias colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na prevención de riscos, autoprotección e na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal, dentro das súas posibilidades técnicas e de persoal, cando así fora requirido polas autoridades de protección civil, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación e no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil.

Os concellos que compoñen o Servizo Mancomunado de Emerxencias e Protección Civil, segundo o disposto na cláusula cuarta do Acordo de 18 de febreiro de 2016 dos concellos da Lama, Mondariz-Balneario, Mondariz, Fornelo de Montes e Covelo, asumen todas as obrigas derivadas deste convenio e responden solidariamente destas.

Cuarta.- Libramento e xustificación dos fondos

O libramento dos fondos ao Concello da Lama, como xestor do Servizo Mancomunado de Emerxencias, por parte da Vicepresidencia Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase nun único pago ao final das actividades do convenio, previa remisión por parte da entidade asinate á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Conta Xustificativa da subvención.





No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/ sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) de este mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado do taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración de cumprir cos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Concello da Lama, como xestor do Servizo





Mancomunado de Emerxencias, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 20 de decembro de 2020.

Quinta.- Facultades de inspección

O Concello da Lama, como xestor do Servizo Mancomunado de Emerxencias, comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

En especial,deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Compatibilidade da subvención

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.





Oitava.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do presente convenio, constitúirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do presente convenio, que ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: a persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma.

Polo Concello da Lama: O alcalde e o/a secretario/a.

Décima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.





- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

Décima primeira. - Natureza administrativa e réxime xurídico do convenio

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro do 2014.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de procedente aplicación.

Décima segunda. - Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, se ben se considera a súa eficacia, respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio na data que figura á marxe

Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza
O vicepresidente e conselleiro

Polo Concello da Lama
O alcalde

Alfonso Rueda Valenzuela

Jorge Canda Martínez

